

# POR UNHA XUNTA DEMOCRATICA DE GALICIA HACIA UNHA AICION XENERALIZADA CONTRA A CARESTIA

(DECLARACION DO COMITE EXECUTIVO DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA)

A unidade da oposición cristalizada nos derradeiros meses está chamada a exercer no seio da sociedade galega unha decisiva influencia política en favor dun cambio democrático. Esa unidade eisprésase, sobor todo, na eisistencia de Xuntas Democráticas en Vigo, Cruña, Pontevedra, Ourense e Santiago, así como noutras cidades e vilas.

A aparición pública desas Xuntas e os seus pronunciamentos, estimulan a loita do povo galego pola libertá e, nese conteso, pola autonomía pra Galicia. Representan un importante apoio político o órgao unitario que no presente intre histórico interpreta as aspiracións políticas mais sentidas polos pobos que integran o Estado español: a Xunta Democrática de España.

A eisistencia das mentadas Xuntas Democráticas, exemplo que influirá pra que Lugo e Ferrol sigan ese vieiro, é un gran progreso hacia a necesaria concreción dun órgao unitario a nivel nacional galego: a Xunta Democrática Nacional de Galicia. A decisión eispressada polas cinco Xuntas na sua primeira conferencia de prensa, de franquear esa fronteira, esforzándose por atraer á Xunta Democrática Nacional de Galicia forzas e personalidades non presentes ainda nas Xuntas -xa formadas- responde a unha triple necesidade: mobilizar á mais larga opinión nacional galega pola libertá, ó unísono coa dos demais pobos do Estado; ofrecer o mais vasto apoio político-social da nosa sociedade á Xunta Democrática de España e o seu programa; sentar as bases dun eventual poder provisional galego que deberá establecerse de acordo co Governo Provisional e de reconciliación nacional que se cree na capital do Estado.

Correntes unitarias moi importantes cristalizaran xa constituíndose unha Coordinadora provisional de forzas políticas democráticas galegas. Coa creación das Xuntas, ditas correntes víronse notablemente reforzadas e ampliadas. A unidade eisistente hoxe en Galicia ten xa rasgos de unión e de reconciliación nacional. A participación nas Xuntas da Esquerda Demócrata Cristiana, do Partido Socialista Popular, do Partido Carlista, do Partido Comunista de Galicia, do Movimento de Comisións Obreras, de representantes dos medios empresariales industriales e financieros, de seítors profesionais e de funcionarios públicos, confírelle á unidade esa carauterística. Confírelle, á vez, gran audiencia de masas e poder de convocatoria.

A perspetiva de que a Xunta Nacional de



órgao do partido comunista de galicia

ANO VI - Nº 19

31 OUTUBRO 1.974

Precio: 8 Pts.

ticas, exemplo que influirá pra que Lugo e Ferrol sigan ese vieiro, é un gran progreso hacia a necesaria concreción dun órgao unitario a nivel nacional galego: a Xunta Democrática Nacional de Galicia. A decisión eispressada polas cinco Xuntas na sua primeira conferencia de prensa, de franquear esa fronteira, esforzándose por atraer á Xunta Democrática Nacional de Galicia forzas e personalidades non presentes ainda nas Xuntas -xa formadas- responde a unha triple necesidade: mobilizar á mais larga opinión nacional galega pola libertá, ó unísono coa dos demais pobos do Estado; ofrecer o mais vasto apoio político-social da nosa sociedade á Xunta Democrática de España e o seu programa; sentar as bases dun eventual poder provisional galego que deberá establecerse de acordo co Governo Provisional e de reconciliación nacional que se cree na capital do Estado.

Galicia poida contar ademais coa representatividade e o apoio do movemento estudiantil, da burguesía gandeira e do movemento campesiño-popular, así coma doutras adhesións, dará a ese órgao unitario e democrático un carauter auténticamente nacional e de masas; gran autoridá política ante o conxunto da sociedade galega. A Xunta de Galicia será un estradionario catalizador de voluntades.

Esa perspetiva, debe estimular os esforzos por atraer á unión o grupo político que formando parte da Coordinadora de forzas políticas non participa ainda na Xunta, e a toda representación ou persoalidá con peso - real na vida social ou política galega, que se amostre de acordo cos postulados da Xunta de Galicia e de España.

A unidade de tódalas forzas definidas xa hoxe como antiréximen na Xunta Democrática →

Nacional de Galicia, atraerá novas forzas á oposición, restándollas as xa moi escasas -- con que conta a ditadura na nosa nacionalidade. Exercerá mais influencia no Exército, na Marina e demais dorzas militares e de orden-público (Policía Armada e Guardia Civil), no seo da maxistratura e no conxunto dos funcio-

narios do Estado e demais órgaos da Administración. A inhibición en canto á defensa do réximen ou a colaboración coa oposición dunha parte do aparello do Estado, fará moito mais fácil o cambio político cando a crise chegue o seu intre culminante, que parece estar xa próximo, e estale a Folga Nacional.

## POR UNHA XUNTA DEMOCRÁTICA DE GALICIA

A creación da Xunta Nacional Democrática de Galicia verase facilitada pola consolidación e fortalecemento das Xuntas xa creadas e pola formación de Xuntas Democráticas os niveles local, municipal, comarcal e provincial; nos centros universitarios; nas Cámaras, entidades sociales ou corporacions profesionais; en representacions gubernamentais, e en todos aqueles lugares nos que por eisistir diversas forzas político-sociales podan converxer no punto común da libertá política: porque ésta responde ós seus intereses como cras ou capa social, ós intereses da libertá nacional de Galicia, ou pola convicción de que o proceso hacia a libertá e xa irreversible.

Ese proceso unitario verase fortalecido si encol á eisistencia das Xuntas Democráticas, abrese un debate de masas en todos os seítors, en todas partes, a exemplo do habido nalgúns asambleas obreiras das fábricas de Vigo e entre os seus delegados a Comisiós Obreiras, debate do que a lóxica conclusión é a adhesión masiva dos traballadores as Xuntas e o seu programa de

libertades. Ese proceso ampliarase e profundizarase coa converxencia política nas empresas de obreiros e patronos, inspirados nos fins xa espertos ou na necesidá de oponerse en común a medidas represivas ou coercitivas da ditadura, sin que, en tanto que patróns e obreiros, fagan deixación dos seus intereses no plano social, nin mengüe por elo a loita de clases. A propia converxencia nacional na Xunta Democrática de Galicia, de forzas tan antagónicas no plano social como son a burguesía e o proletariado, será estimulada pola loita de masas. A creación de novas Xuntas e a sua consolidación verase estimulada pola eisistencia de asambleas democráticas representativas dos distintos movementos socio-políticos que, ademais de loitar polas suas propias reivindicacions poden ser e son xa soporte das Xuntas a nivel popular. Esa converxencia verase facilitada asimismo si no plano político-social, de masas, se ailla os grupos ou correntes que dende distintas vertentes opónense á orientación e o programa das Xuntas Democráticas de Galicia e de España.

## EISIXENCIA DUN CAMBIO DEMOCRÁTICO

O proceso de unidade antiditadura que constatamos, ten a sua xénese na crisis irreversible do presente réximen e na negra perspectiva que o seu continuismo ofrece ós intereses do pobo galego, de Galicia como nacionalidá, o factor determinante dessa crisis foron e son as loitas de masas e o desenrollo dos seus movementos que en Galicia, coma a nivel xeneral de España, contribuiron ademais ó emerxer das correntes políticas de oposición.

Os movementos da nosa clase obreira, dos estudiantes, profesionais e intelectuais, das mulleres, polas suas reivindicacions específicas, dos campesiños, dos mariscadores e pescadores, ó frente dos cales viu destacándose pola sua combatividade a xuventude, hacháronse reforzados cos dos gandeiros e as aicias dos armadores de pesca que, no derradeiro período viron mais seriamente afectados os seus intereses. Esa ampliación do soporte social ouxetivo da oposición ao réximen, ensanchouse recentemente, consecuencia da crisis económica que en España adequire unha gravedá maior que noutros países e que golpea de modo moi especial a Galicia.

Mais o desenrollo das correntes políticas unitarias e a sua cristalización nas Xuntas Democráticas, está estreitamente vencellada ós acontecementos vividos en España a partir da desaparición de Carrero Blanco e a situación creada coa morte política de Franco. Nese contesto a vida política galega dinamizouse coa aparición na escena da Xunta Democrática de España que ofrece ó conxunto dos pobos do Estado español unha alternativa válida pra esta etapa.

A caída do feixismo en Portugal, con tanta repercusión no noso medio, seguida mais tarde do derrumbamento da ditadura militar de Grecia, contribuiu ademais a facer críxible, a nivel de

masas, que a política de converxencia dos dous polos fundamentais da actual sociedade española: proletariado e burguesía, non somente é necesaria pra acabar co feixismo e promover o cambio democrático, sinón que é possible e realizable. Vése mais crara a perspectiva política do que chamamos o pauto pola libertad.

Estas realidades infliron tamén nas nosas propias filas, estimulando a loita pola aplicación dessa política. Demóstrase a xusteza das previsões do Partido, non sólo en relación coa posibilidade de acordo entre forzas sociales burguesas e proletarias pra loitar xuntas pola libertá política; demóstrase asimismo que a posibilidade de lograr que as forzas armadas non se oponan a ese ouxetivo ou faciliten a aición pola sua conquista, pode ser realidade.

A fase final de crisis en que o réximen se debate, puido vivila moi de cerca Galicia este vrou coa presencia do Goberno na Cruña. Este é outro factor influente no aglutinamento democrático. Non xa a vanguardia, unha gran franxa da sociedade galega sensibilizada respeuto ó intre histórico que vivimos, puido comprobar que este réximen está acabado. Esa comprobación puido facer tamén vendo a actitude política dos diversos ministros, ex-ministros e subsecretarios, así coma os contatos dos homes do poder coa oposición a niveles inimaxinables fai un ano. Viuse que nin recuperando por un tempo o "venerable anciano" as prerrogativas do xefe do Estado, nin confirmando o seu sucedáneo - Xoán Carlos, nin sin asociacionismo político nin con asociacionismo o poder actual e capaz de facer frente ós problemas que o conxunto da sociedade española, e particularmente a sociedade

galega, ten plantexados. E xa non falemos de resvelos. Xeneralizouse a opinión de que as circunstancias político-sociales eisixen un cambio democrático. Esa é unha das razós de que haxa sido saludada con tanta satisfacción a creación da Xunta Democrática de España e a sua alternativa a nivel do Estado. Hoxe dita Xunta e tamén en Galicia o centro fundamental de referencia e o polo de atracción pras forzas que desexan o cambio de

mocrático.

Que a xeneralización desa opinión e o impauto causado pola aparición da Xunta Democrática de España fágase realidade na converxencia unitaria total, antes definida: Velahí unha gran tarefa democrática e nacional en realizar a cal toda forza político-social responsable, identificada cos intereses do pobo galego, debe tomar parte.

## rechazo ós ultras. nada espera galicia do réximen nin do seu continuismo

Como o conxunto da sociedade española, a sociedade galega de testa e rechaza cada vez con mais decisión, estén dentro ou fora do Goberno, dentro ou fora do aparello do poder. Con esta attitude a sociedade galega contribuie ó esforzo xeneral por impossibilitar a conspiración ultra e os seus reiterados intentos de golpes de Estado. Ante crímenes coma o da Cafeteria Rolando, a nosa sociedade reacionou apuntando ós ultras e a sua policía - coma os autores. En xeneral o pobo galego intuiu o carácter de provocación policiaca que revistiu o intento de relacionar con

ese atentado a militantes do P.C. de España e rechazou ese intento. A clase obreira, o conxunto do noso pobo, que nos conoce como combatentes abnegados na defensa dos seus intereses sabe, - por esperencia propia, que os métodos terroristas son axenos o proceder dos comunistas, que na loita reivindicativa e democrática preconizamos e praticamos a acción de masas coma o mellor método pra que as reivindicacíos obreiras e populares sexan satisfeitas e créense as condicíos para democracia e o futuro socialista da sociedade.

## AS REIVINDICACIOS GALEGAS EISIXEN A UNIDA GALEGA

Coa estancia do Goberno en Galicia a sociedade galega pudo comprobar con maior contundencia que no pasado, o desprecio que hacia os seus problemas ten o réximen e o seu actual equipo gobernante. Cada un dos ministros fixo, unha vez mais, promesas. - Pro énon as fixo tamén no pasado?. De como se cumplen son probas cifras que o propio ministro de Planificación do Desenrollo viuse obligado a dar: "A renta per cápita en Galicia era, en 1967, o 77,6 por cen da media nacional e en 1970 descendeu o 72,5 por cen. A inversión no seutor industrial solo supón o 8,3 por cen da inversión en capital fixo, pra unha media española - do 31,6 por cen".

Desde 1970 esa llinia regresiva non tivo modificación en sentido inverso. E este ano nin a representación da xefatura do Estado nin o xefe do Goberno diñáronse siquera a recibir ós representantes dese organismo que é a sua criatura: o CESGA, porque o "dossier" de referencias ou promesas incumplidas, de petícios - de to orgaismo oficial galego era moi grosa e o ambiente tenso.

Esa aititude gubernamental plantexa de novo ante as forzas obreiras, populares e nacionais algo sobor do cal o noso Partido

do insistiu na reunión do seu C.E. de abril, formulándose ó efecto en 19 puntos o que consideramos son reivindicacíos apremiantes de Galicia e que poden constituir unha plataforma de combate, de carácter nacional. Estamos persuadidos que na loita polas reivindicacíos económicas, sociales e culturales nacionais, é posible artellar unha verdadeira unidade nacional galega, a vertente política da cal sexa loitar pola libertad a nível do Estado e a concreción desa libertad a Galicia por medio da autonomía. Nun marco de libertades non somentes será posible espoñer os nosos problemas sinón lograr, por medio da unión e a loita, co apoio das masas populares, que esas e outras reivindicacíos sexan satisfeitas.

No derradeiro periodo os mais importantes órgaos de prensa de Galicia tratan destos problemas reales con bastante ouxetividade, contribuindo así a crear no pobo concencia democrática e a facilitar esa unidade nacional. Ese aborde merece toda clase de estímulos. Mais a tarefa dos homes, forzas e grupos responsables social ou políticamente ante a sociedade, é traducir esa concencia democrática e nacional nunha decidida acción política.

## CORRENTES ANTIULTRAS E DEMOCRÁTICAS NO EXÉRCITO

### ACHEGAMENTO EXÉRCITO - POBO

Unha das mais importantes particularidades da situación eisistente hoxe en Galicia é o ambiente antiultra que se está creando no Exército de Terra e as correntes democráticas que nel abrense paso e que se notaron xa nalgúns aitos militares con motivo da estancia en terras galegas do Goberno. Hoxe non eisiste xa ningunha razón histórica, sociolóxica nin política pra que ese ambiente non se estenda tamén á flota, á Marina.

Esas correntes poden ser estimuladas na medida en que non soio o P. Comunista de Galicia, sinón tamén o movemento de CC.OO., as

demais forzas de oposición e especialmente as Xuntas, fagan un esforzo continuado en pro do achegamento entre o pobo e o Exército e de propagación nas suas filas dos puntos programáticos da Xunta Democrática de España. Pra elo é importante condición saber captar a amplitud desas correntes antiultras e democráticas e comprender que os autores orixinarios e que as sustentan son, en esencia, os mesmos que influen no conxunto da sociedade, anque os seus efectos no seo das forzas armadas se manifieste con mais retardo. O que

a modernización do Exército hásase supeditada o interés político de quenes dominan á cabeza do Estado, é un feito moi importante e diño de ter en conta nese esforzo -- que preconizamos. Eo tamén conocer a opinión bastante xeneralizada entre xefes e oficiais de que a salida ofrecida co principio é considerada como problemática.

A clase obreira galega, especialmente a de Ferrol e Vigo, ten xa unha esperencia positiva do resultado do seu diálogo coas forzas militares. O atestiguan as históricas loitas de 1.972. Mais ese tipo de diálogo non pode limitarse ó intre crítico dunha folga obreira ou dunha loita social. Debe ser permanente; estar orientado a que os militares comprendan os problemas da clase obreira, do pobo; estar presidido pola voluntá de contribuir a crear concencia de que o Exército non debe enfrentarse co pobo e, polo contrario, pobo e Exército deben entenderse. Non é ningunha utopía pensar que as forzas armadas cheguen a participar co pobo na empresa patriótica de crear en España un contesto democrático no cal o pobo soberano sexa o que defendida, cumplindo o Exército a sua misión de defender contra calquer agresión estranxeira a independencia da patria.

Os acontecementos de Portugal, sensibili-

zaron o Exército de guarnición en Galicia e moi en particular á xoven oficialidá. O que a ditadura portuguesa haxa sido barrida pola aición do Exército, abrindose así o vieiro da democracia dunha forma pacífica e ordenada; o que as forzas armadas dun país xeográfica, histórica e culturalmente tan preto de España, e particularmente de Galicia, haxa rendido un servicio tan alto o pobo e a patria, coma o rendido o histórico 25 de abril, chamou poderosamente a atención de xefes, oficiais e clases. O comprobar coma o Movimento das Forzas Armadas portuguesas e o pobo, vencellados, fundidos nun mesmo ouxetivo, foron capaces de superar as crisis polas que o réximen provisional portugués pasou, debido os intentos de volta atrás, promovidos polos que foron barridos do poder, son profundos motivos de reflexión pra moitos oficiais e cuadros de mando. A problemática política de España, distinta da de Portugal, fai nos fuxir do mimetismo. Pro non nos fai perder de vista os diversos motivos de orden interno e esterno, que xeneran correntes novas e renovadoras no seo das forzas armadas e a necesidade de estimulalas ó máisimo. Tarefa ésta de primeira magnitú, xunto coa atención primordial á problemática do soldado.

## AICION XENERALIZADA CONTRA A CARESTIA

### UTILIZAR A FONDO AS POSIBILIDADES LEGALES

### O SINDICATO DEBE ESTAR O SERVICIO DOS TRABALLADORES

O C.E. do P.C. de Galicia sauda as aicións reivindicativas levadas a cabo neste período polos obreiros de diversas empresas de Vigo, Ferrol, Cruña, etc., entre as que destacan as das Compañías Auxiliares de Astano; as do seitor mariisqueiro e a importante vitoria que outivo na Ría do Pasaxe, frente a Central Mariisqueira e as decisiós do Goberno pra este seitor. Saudamos ó movemento estudiantil que tan relevante papel desempeñou na loita de todo o seitor do ensino no curso pasado, e a sua predisposición a novas e más importantes loitas neste curso pras que se prepara promovendo unha organización democrática, de combate, dos propios estudiantes. Saudamos ós enseñantes e a sua predisposición á aición, en particular de profesores e licenciados; ós médicos e demais profesionais da sanidá que souperon levar a cabo loitas que, coma a do sanatorio de Conxo, contan coa simpatía do conxunto da poboación. Pola xusteza das reivindicacións destos dous seitores e pola proieución e incidencia que o ensino e a sanidá teñen na vida pública nacional, estamos seguros que a sua loita seguirá suscitando a mais amplia solidaridade.

Todo parece indicar que a clase obreira galega prepárase para levar a cabo una ofensiva más xeneral. Nesta etapa, en función da situación política e das posibilidades de loita que esa situación ofrece, aumenta o papel e a responsabilidade de todos os movementos de masas, pro acrece especialmente a do movemento obreiro. Sobor éste recae nestos intres a gran tarefa de encabezar en todos os lugares, a partir das fábricas e das empresas, dos tallos, pro tamén dos barrios, de multíu de centros e aso-

ciacións legales, de Socios Sociales dos Sindicatos, Consellos de Traballadores, Unións de Técnicos e Traballadores e, en xeral, dos centros sindicais a diversos niveles, Colexios profesionais, etc. etc. a loita contra a carestía da vida, está asestando e incitando á participación nela de todas as capas do pobo. Han de ser todas as capas afetadas as que han de facer posible que esa loita se intensifique e poida, nun intre dado, xeneralizarse.

Pra que a loita contra a carestía alcance dimensións pras que ouxetivamente existen hoxe condicións e se xeneralice no plano local, provincial e na perspectiva próxima a toda Galicia, é necesario que a utilización das posibilidades legales, e concretamente o aproveitamento das que ofrece o Sindicato, adequira unha nova dimensión. Trátase de que si se pode chamar a unha aición e dirixila desde o propio Sindicato, como ocurriu xa na passada folga do Llobregat, non se desaproveite a ocasión por ningún perxucio esquerdista; trátase tamén de utilizar o Sindicato pra facer asambleas obreiras e tomar acordos que leven unha impronta "oficial" como fixeron os metalúrxicos de Vigo. Pro trátase de algo mais, do aproveitamento a fondo do Sindicato en todos os aspectos pra facel del, antes xa de que no plano político se consagre a libertad sindical, unha organización de loita o servicio dos traballadores.

Mais o lograr ese ouxetivo, hoxe xa posible, require establecer as alianzas e pautos necesarios cos "sindicalistas" que

se hachan nos distintos escalós dos Sindicatos pra que faciliten esa tarefa. E preciso dialogar con eles e ofrecerelles a alternativa, aceptable pra moitos, de non cerrarse á perspeitiva do futuro, pasando a servir, desde agora, os intereses dos obreiros, cos cales no fondo, ouxetivamente, coinciden os seus propios a medio e longo plazo.

O Movemento de Comisiós Obreiras e todo traballador de vanguardia, consciente, debe comprender que marchar hoxe audaz e resoltamente nesa linia non ten nada que ver con "integrarse". Trátase de todo o contrario, de avanzar hacia a toma dos Sindicatos establecendo pro caso un verdadeiro asedio, provenente da loita desde fora, das fábricas, das empresas, etc. e desde dentro, a través das distintas seccións e órgaos, outindo ó efecto a colaboración necesaria. Marchar por ese camiño representa ta-

mén dar pasos fundamentais hacia a libertad sindical e demais - libertades democráticas, hacia o sindicato unido e independente, de clase, eispresión e representación dos traballadores.

A loita contra a carestía, polas características que pode revestir, pode ter nun intre cumbre, o apoio da xeneralidá dos patronos. Lograr ese apoio, a converxencia política, a nivel de fábrica, de empresa, a que xa aludimos, debe ser pro movemento de Comisiós Obreiras de Galicia unha orientación fundamental. Coma o Partido plantexou xa: "a "fusión" da crisis económica e social coa crisis política dun réximen que toca o seu fin, é o elemento determinante que favorece, coma nunca, o que poida xeneralizarse a loita contra a carestía e levar a unha aición que teña enormes e insospeitadas repercusiós políticas".

## MAIS ESFORZO PRA QUE SE MOVILICEN OS CAMPESIÑOS

Últimamente período agravouse a situación dos nosos campesiños e gandeiros. A política agrario-comercial do réximen, nefasta pro campo e pra España en xeneral, eo especialmente pra Galicia, polas características socio-económicas do seu agro e polo peso que o seitor agropecuario ten na economía "rexional". A distancia cada vez maior entre os precios que pagan os campesiños e gandeiros polo que mercan, e o que reciben polos seus produtos, acrece o espolio de que son tradicionalmente vítimas.

Precísase un viraxe fundamental na aitividá do Partido neste tan importante seitor pra axudar mais eficazmente a que os que-

viven do agro se movilicen en defensa dos seus intereses, moi en particular por precios remuneradores pro leite e a carne. O ouxeto dunha mais amplia esplicación a todos os nosos militantes sobre a actual problemática do agro e dunha orientación -- mais precisa os propios campesiños, o C.E. decide redatar un -- chamamento especial o efecto. Mais a gravedá dos problemas e o estado de ánimo de campesiños e gandeiros obliga a que o Partido adopte; desde agora mesmo, medidas especiales pra mellorar -- notablemente o seu traballo neste orden, aproveitando as enormes posibilidades eisistentes.

## POR UN GRAN DESENROLO DO PARTIDO

### NECESITAMOS NOVOS MILES DE MILITANTES

#### HACIA A U.J.C. DE GALICIA

Nesta fase é necesaria unha atención moi maior ainda que a que xa se ven prestando o desenrolo da aitividá do Partido entre as grandes masas e o reforzamento das suas ligações coelas. Pro hai que prestar atención moi especial sobre todo o propio crecemento e de senrolo do Partido, nos planos orgánico, ideológico e político.

Pra que o Partido cumpla a sua misión, debe crecer mais, atraer as suas filas novos centos, miles de militantes, homes e muleres do mais destacado dos movementos obreiro e estudiantil; de profesionais, intelectuales, téunicos e homes de cencia; de campesiños e gandeiros; mariscadores e demais traballadores do mar; artesans, pequenos comerciantes e modestos industriais. Nesta fase o Partido debe estar disposto a abrir as súas portas a moitos cristianos, curas ou sacerdotes, auténticos revolucionarios, pros cales a sua creencia, a sua fé, non é obstáculo pra militar nas ringleiras dun Partido --

que se basa na filosofía marxista, coma é o Partido Comunista.

Dado o fracaso do esquerdismo, o Partido debe facer tamén esforzos especiales por -- abrirse aos militantes desos grupos que se identifiquen coa linia do noso Partido e -- acepten a sua disciplina.

Hai que crear células do Partido en todas partes, especialmente nas fábricas donde ainda non eisisten, nos barrios, entre as masas de xóvenes traballadores de ambos sesos, que pola sua edá xa non forman na X.C., pero también deceas, centos de organizaciós irregulares en clubs, teleclubs, centros legales, etc nas cidades, nas vilas, no campo... O Partido necesita ter tamén moitos militantes individuais en lugares en que, polas suas características, é dificil que funcione un núcleo orgánico. A vez a esperencia indica que en fábricas e empresas, obras de construción, centros universitarios, de profesionais, no

campo, entre pescadores e mariscadores, entre os soldados, etc., tomando as necesarias medidas de seguridá, pode ampliarse a práctica de facer xa asambleas numerosas sin que aconteza ningún percance; asambleas que ó promover unha discusión política mais elevada, fortalecen políticamente os militantes e son, a vez, reveladoras de activistas e de cuadros.

Nesta etapa é necesario facer efectiva no seu grado máisimo, a descentralización orgánica e a autonomía de comités e organizacións que faga mais dinámica e eficaz a aplicación da línia política trazada polos órgaos correspondentes da dirección do Partido; a vez que se promoven a postos de dirección homes e mulleres, especialmente xóvenes, que son novos valores e sin a aportación dos cales o Partido anquilosariase. Si se quixera ter todo nun puño frenariase o desenrollo do Partido e da loita de masas. A multiplicidade das tarefas de algunhos camaradas, ademais do seu traballo profesional, levaríaos, de outra parte, a agotarse, impedíndolles xogar un

verdadeiro papel de dirección na sua escala. Os comités do Partido, pra certos setores e zonas, que polas suas características e problemática xeneral son de difícil comparimentación, pode ser unha esperencia que contribuia o desenrollo da organización; a crear a ritmo rápido o Partido que necesitamos. O Partido de masas o eisixe e nacesidá de afrontar con éxito a etapa de transición do postfranquismo e irrumpir na libertá con miles de militantes, capaces de servir de entrado a ducias de novos militantes que afluirán as nosas filas, o propio tempo que pola sua esperencia que xa acumularon son capaces de dirixir a loita na sua nova fase, que plantexará eisixencias novas.

O saudar os sensibles progresos da organización dos xóvenes comunistas, o C.E. insta a todo o Partido a prestar a máxima axuda a Xuventude pra que nunha perspeitiva próxima transforme a organización na U. de X.C. de Galicia.

9

## POLA LIBERTA DOS PRESOS POR UN FONDO PRA "MUNDO OBRERO" E "A VOZ DO POBO" DIARIOS

Neste intres o Partido debe redoblar os seus esforzos por ampliar a movilización obreira, popular nacional pola libertá dos encartados no proceso polos sucesos do Ferrol de 1.972 e demais detidos posteriormente. E necesaria unha presión mais masiva pola libertá de Pillado, Aneiros, Amor Deus e Riobóo e demais traballadores que se encontran encadeados. A sua libertá deberá ser unha cuestión de honor pra clase obreira e o pobo galego.

O C.E. do P.C. de Galicia sauda a decisión do Pleno do P.C. de España de abrir unha campaña de recaudación de 200 millóns de pesetas como fondo de reserva pra asegurar a salida de "MUNDO OBRERO" diario, en canto as condicións políticas o permitan. O C.E. está seguro que todo o noso Partido esaminará des-

de este intre a participación masiva nesa campaña, que en Galicia debe ter a doble vertente de asegurar á vez a salida de "A VOZ DO POBO" tamén diaria.

Sin perxuicio de ulteriores precisións, chamamos a todos os nosos militantes a dar tamén proba neste orden da maior iniciativa, interesando desde agora a tódolos simpatizantes e amigos, ós democratas antifranquistas en xeneral, a aportar a sua axuda a esa campaña, como parte da sua contribución á loita pola libertá, a democracia, a autonomía de Galicia.

Outubro de 1.974

O Comité Executivo do P.C. de Galicia.

